# PROCEDEMENTO E ACLARACIÓNS DO PAGAMENTO DE TAXAS

Pode efectuar o pagamento das taxas de 2 xeitos diferentes:

- Nas **ENTIDADES BANCARIAS**:

1. Retire o impreso de liquidación de taxas na conserxería da escola e encha os espazos destinados ós seus datos persoais.

   Tamén pode xerar un impreso estándar Modelo A1 nesta ligazón

2. Marque o importe de matrícula que lle corresponde aboar dependendo do tipo de alumnado. Teña en conta que debe marcar correctamente este importe porque non se pode solicitar ninguna devolución de taxas debido a un erro do propio alumno/a.

3. Efectúe o pagamento presencialmente nunha das entidades bancarias habilitadas para tal efecto

   (Abanca, Banco Etcheverría, Banco Gallego, Banco Santander, Banco Pastor, Banco Popular, Banco Sabadell, Banco Caixa General de Depósitos, BBVA, Caixa Bank (La Caixa), Caixa Rural de Lugo, Caja España, Caja Duero, Caixa Rural Galega, Caixa Rural Zamora, IberCaja,)

   Consulte neste enlace



4. Presente os dous resgardos que lle devolva o banco na secretaría da escola xunto co resto da documentación de matrícula.

- Por **INTERNET** (só con tarxeta)

1. Acceda á [Oficina Virtual Tributaria da Consellería de Facenda](#) . Indique os seus datos persoais e os códigos de tramitación e dea a orde de pagamento. Comprobe ben o importe que debe aboar, pois non existe a posibilidade de devolución de taxas.
2. A aplicación xeraralle un xustificante de pagamento **modelo 730** e **731**, que deberá entregar na secretaría da escola xunto co resto da documentación de matrícula.
3. No caso de que deba retomar a operación, a aplicación xeraralle un código de verificación CSV que envía ó seu correo-e. Debe acceder de novo á Oficina virtual tributaria → Servizos de acceso libre→ Taxas, prezos, multas e sancións → Operacións realizadas.

**CÓDIGOS DE TRAMITACIÓN:**

- ✓ **Centro Académico**: Escola Oficial de Idiomas 07
- ✓ **Delegación**: Lugo 20
- ✓ **Servizo**: Ensino Medio 03
- ✓ **Taxa**: Escolas Oficiais de Idiomas: 350800

